



A Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña en sesión celebrada o día 23 de abril de 2010 adoptou o seguinte acordo:

“Aprobar la instrucción de desarrollo de la Ordenanza Reguladora del Centro Municipal de Empresas del Excmo. Ayuntamiento de A Coruña”

Polo que se procede a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

INSTRUCCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA ORDENANZA REGULADORA DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DO IGREXARIO DA GRELA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DA CORUÑA

Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto abrir a convocatoria para a utilización dos servizos do Centro Municipal de Empresas, desenvolver os aspectos que a Ordenanza reguladora remite expresamente ao seu desenvolvemento mediante instrución, así como facilitarlles aos beneficiarios a tramitación das solicitudes mediante a explicación de determinados conceptos e poñendo á súa disposición os modelos para realizar os trámites.

Artigo 2. Convocatoria

A convocatoria quedará aberta dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña da presente instrución.

A convocatoria quedará aberta de xeito permanente, mediante a formación dunha lista de espera regulada no artigo 15 da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña, que permitirá o estudo, a selección e a concesión de locais ou espazos comúns ás solicitudes que se presenten para a utilización dos servizos de forma continua, sempre suxeita á dispoñibilidade de locais.

Non obstante, establécese unha convocatoria inicial de presentación de solicitudes, outorgando un prazo dun mes dende o día seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña da presente instrución. As solicitudes presentadas con posterioridade ao citado prazo pasarán a formar parte da lista de espera.

Artigo 3. Solicitudes

As persoas interesadas que cumpran os requisitos dos artigos 6 e 7 da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da



Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 de abril de 2010, n.º 61) deberán presentar as súas solicitudes, xunto co resto da documentación requirida, de conformidade co establecido no artigo 11 da citada ordenanza, segundo o modelo que figura como **anexo I** á presente instrución.

As solicitudes presentaranse segundo o establecido no artigo 12 da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña.

A presentación da solicitude polo interesado comportará o expreso coñecemento e aceptación das normas establecidas na Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 de abril de 2010, n.º 61) e na presente instrución, especialmente do Regulamento de funcionamento interno que se achega á presente instrución como **anexo II**.

Artigo 4. Avaliación e valoración de solicitudes

A avaliación e valoración de solicitudes realizarase nos termos sinalados nos artigos 13 e 14 da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña, segundo o baremo selectivo que se describe a continuación:

1. **Viabilidade comercial e económico-financeira do proxecto**, que se obterá da análise do Plan de empresa, que se presentará cubrindo como mínimo os aspectos sinalados no **anexo III** desta instrución. Por este apartado poderase obter ata un máximo de **42 puntos**, repartidos do seguinte xeito:

- 1.1. Viabilidade técnica e económica do proxecto **5 puntos.**

Neste apartado analizaranse as necesidades e as fontes de financiamento, a previsión de resultados a tres anos, o cálculo do punto morto ou limiar de rendibilidade, e a elaboración do plan mensual de tesourería a tres anos.

- 1.2. Grao de calidade, análise e desenvolvemento do proxecto **15 puntos.**

- 1.3. Descrición do produto/servizo **5 puntos.**

Valorarase neste apartado a definición e descrición das súas características técnicas, necesidades que cobre e os aspectos innovadores.



1.4. Análise do mercado **5 puntos.**

Valorarase a análise realizada das características do sector, a análise da demanda, a análise da competencia e a análise DAFO.

1.5. Plan comercial **5 puntos.**

Valorarase a análise da previsión de vendas, da política de produto, da política de distribución e da política de comunicación.

1.6. Plan organizativo **5 puntos.**

Valorarase a análise realizada do proceso produtivo, aprovisionamento e recursos materiais.

1.7. Investimentos realizados ou por realizar **2 puntos.**

Puntuarase con 0,2 puntos cada 3.000,00 € de investimento, ata o máximo de dous puntos.

2. Grao de compromiso, formación e capacidade do grupo promotor para desenvolver o proxecto, puntuando o seu traballo e dedicación dentro da empresa, experiencia e coñecemento do negocio e sector. Este criterio puntuará ata un máximo de **10 puntos**, repartidos do seguinte xeito:

2.1. Compromiso do grupo promotor **3 puntos.**

Valorarase a dedicación en exclusividade a tarefas relacionadas co desenvolvemento do proxecto por parte do grupo promotor.

2.2. Formación **3 puntos.**

Valorarase o grao de formación e o nivel de cualificación técnica de que dispón o grupo promotor e o persoal contratado, ou que se contratará, na empresa.

2.3. Experiencia **4 puntos.**

Valoraranse os anos de experiencia no sector por parte das persoas que desenvolverán o proxecto (empregados por conta allea ou promotores), sempre e cando esta non supuxera o exercicio de similar actividade con anterioridade por parte de calquera dos promotores, e/ou experiencia empresarial noutros sectores por parte dos promotores.

2.4. **Valoración dos compromisos de formación, asesoramento e recursos asumidos polo grupo promotor,** e a súa disposición no Centro Municipal de Empresas tras a súa posta en marcha e funcionamento. Este criterio puntuará ata un máximo de **3 puntos**.



3. **Análise do tipo de actividade desenvolvida ou prevista**, valorándose especialmente as actividades que se desenvolvan como servizos avanzados (alto grao innovador de consultoría, enxeñería, I+D+i, estudos etc.) ou que se trate dun proxecto innovador. Este criterio puntuará ata un máximo de **10 puntos**.
4. **Número de empregos que se crean**. Este criterio puntuará ata un máximo de **6 puntos**, repartidos do seguinte xeito:
 - 4.1. Valorarase con **3 puntos** cada contrato por conta allea de carácter indefinido xerado no momento da súa instalación no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
 - 4.2. Valorarase con **2 puntos** cada contrato de duración superior ao ano xerado no momento da súa instalación no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
 - 4.3. Valorarase con **1 punto** cada contrato de duración inferior a un ano xerado no momento da súa instalación no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.

Artigo 5. Formalización da autorización

A persoa solicitante que fose autorizada para o uso do Centro Municipal de Empresas do Igrexario da Grela deberá constituír no prazo de 15 días hábiles dende a notificación da autorización unha garantía por importe de mil euros (1.000,00 €), en metálico ou valores, segundo se establece no artigo 14 da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 de abril de 2010, n.º 61). Xúntase o modelo correspondente como **anexo IV**.

Ademais, no mesmo prazo, a persoa solicitante que fose autorizada para o uso do CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DO IGREXARIO DA GRELA deberá achegar a documentación establecida no artigo 16 da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 de abril de 2010, n.º 61). Achégase como **anexo V** o modelo de declaración responsable.

En todo caso, a formalización da autorización comportará o expreso coñecemento e aceptación das normas establecidas na Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 de abril de 2010, n.º 61) e na presente instrución, especialmente do Regulamento de funcionamento interno que se achega á presente instrución como **anexo II**.



Artigo 6. Réxime económico

Segundo o establecido no título III da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas do Excmo. Concello da Coruña, as empresas aboarán pola utilización e aproveitamento dos servizos do CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DO IGREXARIO DA GRELA un prezo público segundo a Ordenanza municipal nº 46 reguladora deste, aprobada o 23/12/09 (bop 29/12/2009) .

Os prezos públicos variarán segundo os metros cadrados do despacho solicitado, que están especificados no **anexo VI** desta instrución.



ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE INGRESO

CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DA GRELA

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

DNI, NIF, NIE, CIF: _____ Nome ou razón social: _____

Primeiro apelido: _____ Segundo apelido: _____

Tipo de vía: _____ Domicilio: _____

Número: _____ Portal: _____ Escaleira: _____ Planta: _____
Porta: _____

CP: _____ Municipio: _____
Provincia: _____

Enderezo electrónico: _____ Teléfono(s): _____
_____/_____

2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

DNI, NIF, NIE, CIF: _____ Nome ou razón social: _____

Primeiro apelido: _____ Segundo apelido: _____

Tipo de vía: _____ Domicilio: _____

Número: _____ Portal: _____ Escaleira: _____ Planta: _____
Porta: _____



CP: _____

Municipio: _____

Provincia: _____

Enderezo electrónico: _____

Teléfono(s):

_____/_____

3. DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

DNI, NIF, NIE, CIF: _____ Nome ou razón social: _____

Primeiro apelido: _____ Segundo apelido: _____

Tipo de vía: _____ Domicilio: _____

Número: _____ Portal: _____ Escaleira: _____ Planta: _____
Porta: _____

CP: _____

Municipio: _____

Provincia: _____

Enderezo electrónico: _____

Teléfono(s):

_____/_____

4. ESPAZO SOLICITADO POR ORDE DE PREFERENCIA

1.º / Oficina n.º _____ 2.º / Oficina n.º _____ 3.º / Oficina n.º _____

En _____, a _____ de _____ de 20__

Sinatura



A formalización da autorización comportará o expreso coñecemento e aceptación das normas establecidas na Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 de abril de 2010, n.º 61) e na presente instrución, especialmente do Regulamento de funcionamento interno que se achega á presente instrución como **anexo II**.

A XEFATURA DO SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro de "TRAMITACIÓN EMPRESARIAL", ou equivalente, creado ao efecto, e que ten a finalidade de fomentar e promover a actividade económica da cidade da Coruña facilitando a creación de empresas, e poderán ser cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O órgano responsable do ficheiro é a Xefatura do Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo, ante o cal o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, en cumprimento do artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



ANEXO II. REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CENTRO DE EMPRESAS MUNICIPAL DE IGREXARIO DA GRELA DO EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA

1. Ámbito

O presente Regulamento de réxime interior obriga con carácter recíproco o Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela e a todos os autorizados, ocupantes e usuarios, por calquera título, das oficinas/despachos do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela da Coruña.

2. Obxecto

O CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DO IGREXARIO DA GRELA é un complexo empresarial que acolle empresas moi diferentes, o cal supón unha gran diversidade de necesidades e tipos de uso.

Dentro desta pluralidade, requírese o seguimento dunhas normas comúns que permitan alcanzar un grao axeitado de convivencia e un mellor aproveitamento das instalacións, servizos e resto de medios de uso común do Centro. Así saíran beneficiados tanto os distintos integrantes –empresas e traballadores– do Centro, como o funcionamento deste.

As normas recollidas neste regulamento serán de obrigado cumprimento para todos os que fagan uso das instalacións do Centro: persoal do propio Centro, autorizados e demais usuarios do Centro, así como as persoas dependentes de calquera deles. O presente regulamento desenvolve o establecido na Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP número 61, do 5 de abril de 2010). As presentes normas poderán completarse ou modificarse nun futuro, en función da experiencia adquirida e da operatividade observada na súa aplicación.

3. Elementos de uso privado

Considéranse elementos de uso privado as superficies construídas dos locais/oficinas. Estas serán computadas dende o interior das divisións que delimitan o seu perímetro. Cada un dos autorizados ou ocupantes terá dereito ao uso e aproveitamento exclusivo sobre a súa superficie autorizada coas limitacións que se establecen na autorización e neste Regulamento de réxime interno, respectando sempre os dereitos dos restantes autorizados ou ocupantes do Centro.

Só estará a disposición das empresas beneficiarias o uso dos espazos fixados na autorización correspondente.

A sinalización interna das diferentes empresas realizarase baixo un formato e deseño común fixado polo Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo. Non se poderán colocar carteis sen autorización previa.

4. Elementos comúns

Terán a consideración de elementos comúns todos os que non teñan a consideración de privativos, de acordo co disposto no apartado anterior. En concreto, son comúns os equipamentos, as instalacións, as zonas comúns, as salas destinadas ao uso e aproveitamento de todos os autorizados e usuarios do Centro, así como as fachadas e muros exteriores dos locais.

Os espazos de uso común só poden ser utilizados, de conformidade coa súa natureza, para o tránsito de persoas e para as finalidades autorizadas expresamente previo aviso e de conformidade co procedemento deste regulamento.

A totalidade das salas de reunión e os servizos comúns poderán ser utilizados por todos os usuarios do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela sen excepción, de acordo co redactado no apartado anterior. O seu uso levarase a cabo por rigorosa orde cronolóxica de petición, excepto causas moi xustificadas e debidamente valoradas polos responsables municipais do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.

A utilización de espazos e servizos comúns realizarase atendendo a criterios de racionalidade, en canto a horarios, frecuencia de uso, coidado de instalacións e equipos etc., quedando sempre e, en calquera caso, supeditada ás necesidades do propio Concello.

O Concello da Coruña resérvase o dereito a utilizar as instalacións comúns do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela para a presentación e organización de eventos ou outros actos dependentes da súa tutela.

5. Horarios do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela



O horario de atención ás persoas usuarias do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela será de 09.00 a 13.00 horas, e de 16.00 a 20.00 horas, de luns a venres, agás festivos.

Será durante ese horario cando o Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela disporá do servizo de conserxería e titoría de proxectos con persoal municipal ou, no seu caso, persoal da empresa concesionaria do servizo.

Fóra do devandito horario e durante o resto dos días, os empresarios poderán utilizar, unicamente, o despacho que se lles asignou, baixo a súa responsabilidade e debendo respectar o protocolo de actuación de acceso e control que se implantará no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.

6. Persoal e control de acceso

- O acceso ás oficinas e ao Centro, durante o horario de acceso restrinxido, será mediante un sistema de control de accesos de chaves electrónicas.
- Notificarase por escrito o persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro, dos traballadores que forman parte de cada empresa e o que estas autoricen a entrar no Centro fóra do horario de recepción. Consignarase o nome, os apelidos e o número do documento nacional de identidade, pasaporte ou equivalente.
- Deberán notificarse, así mesmo, as modificacións ao respecto.
- Calquera persoa que acceda ou estea no recinto do Centro quedará obrigada, a petición do persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro, ou da persoa que esta designe, a identificarse e xustificar a súa presenza.

7. Normas de seguridade e hixiene

- O Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela contará cun sistema de videovixilancia e alarma, que velará pola seguridade do Centro.
- Deberán ser de xeral coñecemento as normas de seguridade e evacuación ou desaloxamento das instalacións do Centro, en caso de incendio ou outro acontecemento que así o xustifique. Estas normas seranlles entregadas aos usuarios polo persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro.



- Cada despacho debe dispor dun exemplar, situado nun lugar ben visible, das normas de seguridade e evacuación.
- Colocarase un extintor de incendios e os sinais da forma que establece a normativa vixente en prevención de riscos laborais.
- Os usuarios do Centro están obrigados a comunicarlle ao persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro a presenza de calquera persoa que non estea debidamente autorizada ou calquera feito que poida afectar a seguridade do Centro.
- Cada empresa permanece obrigada a manter limpa a contorna dos seus despachos e a utilizar as papeleiras e contedores do Centro, realizando unha recollida selectiva dos seus residuos.
- Está terminantemente prohibido fumar no Centro, segundo o disposto na Lei 28/2005, do 26 de decembro.
- É responsabilidade dos empresarios a retirada dos cascallos ocasionados pola realización de obras, previamente autorizadas, nos seus despachos.
- Non se poderán realizar no Centro actividades perigosas, nin introducir materias perigosas, insalubres, incómodas, pestilentes ou inflamables prohibidas pola lexislación sectorial, as disposicións do servizo de seguridade e as pólizas de seguro do Centro.
- Queda terminantemente prohibida a entrada de animais no Centro, agás nos supostos legalmente establecidos.
- A persoa autorizada obrígase a subscribir con anterioridade á instalación no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela un seguro multirrisco que cubra os riscos ocasionados por incendio, explosión, vandalismo e rotura de cristais, danos de auga e de fume, rotura de máquinas e equipos, funcionamento indebido da súa instalación de protección contra incendios, roubo e furto e responsabilidade civil contra terceiros como consecuencia da actividade exercida no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela, nomeando como beneficiario do seguro o Excmo. Concello da Coruña no caso de producirse calquera das continencias descritas, e deberá manterse en vigor durante a total vixencia da súa concesión.
- Queda prohibido o acceso ao tellado do inmovible e a colocación nel de antenas de radio e televisión ou de calquera outro aparello de amarre e soporte sen que medie autorización escrita do persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro.

8. Mantemento



- Comunicarase calquera anomalía ou deficiencia que se produza nas instalacións ou nos servizos.
- Toda reforma do despacho farase previa comunicación ao persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro, que deberá aprobala. O custo das reformas nos despachos irá a cargo do autorizado, igual que a reparación dos danos que se produzan. En ningún caso os autorizados repararán as avarías por conta propia.
- Deberá facilitarse a tarefa dos equipos de reparación e mantemento, incluso se a súa intervención supón interferencia na actividade normal das empresas do Centro. O persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego velará para que o impacto sobre a actividade normal do Centro e das empresas que estean localizadas neste sexa mínimo, e informarán debidamente e con suficiente antelación á empresa ou empresas afectadas –excepto no caso de extrema urxencia.
- Os autorizados non poderán modificar o aspecto exterior do Centro, nin colocar rótulos ou outros elementos sen a autorización previa do persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro.
- Os autorizados non poderán introducir no Centro Municipal de Empresas maquinaria ou elementos técnicos ou instalacións de potencia eléctrica que non se axusten á actividade permitida e ás características técnicas do inmovible.
- Os rótulos informativos e as portas e fiestras de cada unha das empresas deberán cumprir as características de dimensións, forma, cor, modelo etc. normalizados para o Centro.
- O autorizado non poderá depositar nos lugares de uso común mercancía nin obxecto ningún sen o permiso expreso do persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro.
- De forma xeral, os autorizados dos despachos non deben de forma ningunha perturbar o ambiente do Centro mediante ruídos, vibracións, olores, temperaturas ou calquera outra causa que poida afectar ou producir molestias aos restantes ocupantes. No caso de que fose preciso realizar algún tipo de insonorización ou preparación do despacho contra olores, pola actividade que realice o autorizado, esta correrá a cargo do autorizado.

9. Uso dos despachos



- Os beneficiarios autorizados dos despachos só poderán utilizalos para a realización das actividades previamente acordadas co persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro previstas na autorización.
- Non poden deixar de exercer a súa actividade no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela por un período superior a dous meses.
- Queda expresamente prohibido arrendar, ceder ou gravar, en todo ou en parte, o uso ou utilización das dependencias concedidas no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela. Non se entenderá que se dá esta situación, e que o proxecto que desenvolve a actividade para a que se cedeu o local é o mesmo, cando se produza un cambio de nome, de forma xurídica ou de accionariado, sempre que se manteñan a actividade e persoal previos ao cambio, con independencia das novas incorporacións.
- Non se permite a cesión a terceiros de parte ou da totalidade dos despachos asignados.

10. Servizos

- Unicamente poderán acceder aos servizos do Centro as empresas autorizadas ou que teñan autorizado o servizo de vinculación e as persoas debidamente autorizadas.
- No caso de urxencia unha empresa poderá renunciar, por escrito, á utilización dunha sala de uso común, previamente concertada, a favor doutra empresa.
- Para a utilización do resto dos servizos (fax, copistería ect.) non será necesaria reserva previa ningunha. Só no caso que se requira o uso por un tempo superior ao normal, deberá comunicarse ao administrador (será o propio persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego quen defina o que se entende por tempo normal).
- A correspondencia e comunicacións para empresas localizadas no Centro depositaranse diariamente nas caixas de correo individuais instalados na recepción. O persoal do Centro non recollerá correo certificado sen unha autorización previa do remitente.
- O Centro disporá de caixas de correo para o envío de correspondencia das empresas que se instalen, as cales serán responsables do seu franqueo. O persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro non se responsabiliza da periodicidade da recollida da correspondencia.
- Os autorizados deberán manter en perfecto estado o mobiliario que o Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela poña á súa disposición.



- Os consumos de enerxía eléctrica correrán a cargo do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela, sempre e cando non se superen uns límites, pendentes de determinar na data desta instrución. Unha vez determinados serán notificados a cada un dos autorizados do Centro.
- As empresas autorizadas do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela deberán solicitar por escrito os servizos de formación e asesoramento nos que estean interesados. A presentación da solicitude polo interesado obriga á súa realización, se estes finalmente son levados a cabo polo Centro.



Réxime disciplinario

O non seguimento das cláusulas deste regulamento ou das disposicións da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela por parte do autorizado ou persoas a el vinculadas será motivo de sanción.

A efectos de velar pola vixilancia do presente regulamento, os autorizados colaborarán coa Administración do Centro na súa vixilancia do cumprimento, denunciando os incumprimentos de que teñan coñecemento.

O incumprimento por parte dun dos autorizados ou persoal dependente das súas obrigacións non facultará os demais para deixar de cumprilas.

O persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro establecerá as sancións correspondentes en función da gravidade da infracción. As faltas poden ser leves, graves ou moi graves de forma que:

1. **Infraccións leves.** Consideraranse leves todas as infraccións que especificamente non estean tipificadas na presente ordenanza como graves ou moi graves, en particular:
 - Unha perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio doutras persoas ou no normal desenvolvemento das diferentes actividades ou servizos do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
 - O incumprimento das obrigacións de facilitar tanta documentación lle sexa requirida polo persoal técnico municipal.
 - A non separación e clasificación dos residuos, ou non depositalos separadamente nos colectores específicos.
 - A desconsideración co persoal municipal, prestameiros do servizo ou outras persoas vinculadas directa ou indirectamente co Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
 - Os danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos afectos ao Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
 - A perturbación causada á salubridade ou ornato públicos



2. **Infraccións graves.** Terán a consideración de infraccións graves as seguintes condutas:

- Realización dalgunha das actividades que, no marco desta ordenanza ou calquera outra ordenanza municipal, precisen autorización administrativa, sen contar con ela ou contar con ela caducada ou suspendida.
- Movemento, desprazamento ou alteración, sen autorización, de instalacións, elementos de mobiliario ou outros afectos ao Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
- Actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos afectos ao Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
- Impedimento ou obstrución do labor de inspección e vixilancia que debe exercer o Concello da Coruña, a través do seu Servizo Municipal de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo.
- Desconsideración grave co persoal municipal, prestameiros do servizo ou outras persoas vinculadas directa ou indirectamente co Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
- Utilización de xeito preferente do local como almacén de mercancías, materiais ou materias primas.
- Realización de obras sen autorización previa que alteren substancialmente calquera mobiliario, equipamento ou infraestrutura do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
- Utilización de elementos publicitarios ou de merchandaxe sen autorización previa, que altere ou non respecte o protocolo de imaxe do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
- Reincidencia por cometer tres faltas leves no prazo dun ano.

3. **Infraccións moi graves.** Terán a consideración de moi graves as seguintes condutas:

- Falsear ou ocultar datos para a obtención da autorización sinalada nesta ordenanza.
- Impedir o uso dun espazo ou servizo do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela ou destinado a outra persoa.
- Ter desconsideración moi grave ou agredir o persoal municipal, prestameiros do servizo ou outras persoas vinculadas directa ou indirectamente co Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela.
- En xeral, ocultar ou producir calquera das circunstancias descritas como prohibicións no artigo 8 da ordenanza.



- Reincidir cometendo tres infraccións graves no termo dun ano avaliadas pola comisión.

En calquera caso, e á hora de clasificar unha infracción en leve, grave ou moi grave, deberá terse en conta para a súa gradación os seguintes apartados:

- a) Reiteración
- b) Natureza dos prexuízos causados
- c) Intencionalidade, dolo e/ou mala fe

Poderase consultar o réxime sancionador no título V da Ordenanza reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña.

11. Modificación do Regulamento

O persoal asignado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego para a xestión do Centro pode modificar o actual Regulamento na medida na que poida afectar á xestión, uso e administración das partes comúns. Estas modificacións serán obxecto da correspondente notificación puntual e fidedigna aos usuarios do Centro que deberán aceptar estas modificacións expresamente.



ANEXO III . PLAN DE EMPRESA – CONTIDO MÍNIMO

A análise do proxecto empresarial estruturarase nos seguintes apartados. O solicitante poderá cambiar a denominación ou orde segundo o modelo de plan de empresa utilizado, pero respectando, en todo caso, o contido e a denominación dos seguintes apartados:

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

- a. PROMOTORES
- b. ORIXE E BREVE DESCRICIÓN DA IDEA EMPRESARIAL
- c. OBXECTIVOS XERAIS
- d. ASPECTOS TECNOLÓXICOS E INNOVADORES DO PROXECTO
- e. SITUACIÓN
- f. FORMA XURÍDICA DA SOCIEDADE

2. O PRODUTO OU SERVIZO

- a. DESCRICIÓN DETALLADA DO PRODUTO
- b. NECESIDADES QUE PRETENDE CUBRIR
- c. PRESENTACIÓN DO PRODUTO

3. ANÁLISE DO MERCADO

- a. ANÁLISE XERAL DO SECTOR NO QUE OPERARÁ A EMPRESA
- b. BARREIRAS DE ENTRADA
- c. MERCADO POTENCIAL E MERCADO REAL
- d. O CLIENTE
 - i. CARACTERIZACIÓN DO CLIENTE
 - ii. HÁBITOS OU PROCESO DE COMPRA
 - iii. PRAZOS DE COBRO
- e. A COMPETENCIA
 - i. IDENTIFICACIÓN DOS COMPETIDORES
 - ii. DIFERENZAS DA EMPRESA CON RESPECTO Á COMPETENCIA



f. ANÁLISE DAFO

4. PLAN DE MARKETING

- a. ESTRATEXIAS XERAIS
- b. POLÍTICA DE PREZOS. CRITERIOS DE FIXACIÓN DE PREZOS
- c. DISTRIBUCIÓN DO PRODUTO
- d. POLÍTICA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN
- e. PREVISIÓN DE VENDAS

5. PLAN DE PRODUCCIÓN

- a. FASES DO PROCESO DE PRODUCCIÓN
- b. PROVEDORES. DEPENDENCIA DOS PROVEDORES
- c. CUSTOS VARIABLES
- d. PRAZOS DE PAGO

6. ESTRUCTURA

- a. RECURSOS NECESARIOS PARA A PRODUCCIÓN
- b. CUSTOS DE ESTRUCTURA

7. RECURSOS HUMANOS

- a. NECESIDADES DE PERSOAL E DESCRICIÓN DE FUNCIONES
- b. ORGANIGRAMA DA EMPRESA
- c. TAREFAS EXTERNALIZADAS
- d. CUSTOS DE PERSOAL

8. PLAN ECONÓMICO – FINANCEIRO

- a. PLAN DE INVERTEMENTOS
- b. PLAN DE FINANCIAMENTO
- c. CONTA DE RESULTADOS
- d. PLAN DE TESOURERÍA



ANEXO IV . MODELO DE CONSTITUCIÓN DE GARANTÍA

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca).....
.....CIF/NIF con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) en en a rúa/praza/avenida CP e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados)..... con poderes suficientes para obrigalo neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento,

AVALA

a: (nome e apelidos ou razón social do avalado).....

..... NIF/CIF..... en virtude do disposto nos artigo 8.d) e 16 da Ordenanza Reguladora do Centro Municipal de Empresas do Concello da Coruña, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 5 de abril de 2010, Nº 61, que impoñen a constitución desta garantía como requisito para formalizar a adxudicación de local, concedida por Resolución de ____ de ____ de do Concello da Coruña, no Centro Municipal de Empresas do Igrexario da Grela da Coruña, por importe de MIL EUROS (1.000 €).

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e de división, e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Tesoruraría Municipal do Concello da Coruña, con suxeición ás normas contidas na lexislación e normas de desenvolvemento que resultan de aplicación.

Este aval terá validez en tanto que o órgano competente do Concello da Coruña non autorice a súa cancelación.

.....(lugar e data)

.....(razón social da entidade)

..... (sinatura dos apoderados)

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE LA C.G.D. O ABOGACÍA DEL ESTADO		
Provincia	Fecha	Número o Código

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados no ficheiro "Tramitación Empresarial", cuxa finalidade é fomentar e promover a economía da cidade de Madrid, facilitando a creación de empresas, e poderán ser cedidos de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O órgano responsable do ficheiro é a Xefatura de Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo ante a que o interesado poderá exercer os dereitos de acceso,



rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



ANEXO V . MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona

con _____ NIF/Pasaporte n.º _____ veciño/a de _____

con _____ domicilio para os efectos de notificación en _____

Teléfono _____ Fax _____

Enderezo electrónico _____ actuando en (nome propio ou en representación) _____ da empresa (nome ou razón social) _____ CIF _____ n.º _____

constituída por escritura autorizada polo notario _____ do colexio de _____ o día _____, inscrita no Rexistro Mercantil

de _____ Tomo _____ folio _____ sección _____ inscripción _____

Acredita a súa representación, a través do poder outorgado o día _____ ante _____ o _____ notario D. _____

DECLARA

Con motivo da formalización da autorización outorgada polo Excmo. Concello da Coruña para o uso dunha oficina no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela da Coruña, que

- 1) Que son certos os datos indicados e que a empresa á que representa reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar.
- 2) Que a empresa á que representa non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 49 de la Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- 3) Que a empresa á que representa non incorre en ningún dos supostos recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4) Que a empresa á que representa non dispón de local propio para o exercicio da actividade.



- 5) Que coñece e acepta expresamente as obrigas e condicións establecidas na Ordenanza Reguladora do Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela do Excmo. Concello da Coruña (BOP, 5 abril de 2010, n.º 61) e na presente instrución, especialmente do Regulamento de Funcionamento Interno que se achega á presente instrución como **anexo II**.
- 6) Que a empresa á que representa se compromete a iniciar a actividade no Centro Municipal de Empresas de Igrexario da Grela no prazo de tres meses dende que se produciu a notificación da autorización.

Data e sinatura



**ANEXO VI . PREZOS PÚBLICOS POLA UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS
SERVIZOS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DO IGREXARIO DA GRELA
(ORDENANZA NÚM. 46. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA
PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS DE IGREXARIO
DA GRELA)**


OFICINA/DESPACHO	PREZO PÚBLICO
Local 1	199,00 €
Local 2	159,36 €
Local 3	159,58 €
Local 4	188,84 €
Local 5	203,03 €
Local 6	282,45 €
Local 7	136,48 €
Local 8	136,48 €
Local 9	198,41 €
Local 10	173,00 €
Local 11	173,00 €
Local 12	195,00 €

(IVE NON INCLÚÍDO)



ANEXO VII. PLANOS DAS OFICINAS/DESPACHOS

Planta baixa





Planta primeira

